

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE AGOSTO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e catro de agosto de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas dez minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 19 de agosto de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS DO PLAN CORRESPONSABLES

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros asistentes da Resolución do 14 de xullo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades locais, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de pais e nais para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, e se convocan para o ano 2022 (DOG núm. 142, do 27/07/22). O Sr. alcalde

informa que considera conveniente optar a dita subvención para o financiamento do programa “*Concilia Rodeiro*” entre os días 3 de outubro e 22 de decembro do corrente, ambos inclusive.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Secretaría Xeral da Igualdade unha subvención por importe de SEIS MIL SETECENTOS VINTE EUROS (6.720,00 €) para o desenvolvemento do programa “*Concilia Rodeiro*”, ao abeiro da Liña Plan Corresponsables, no ámbito local, para desenvolver en dependencias públicas convenientemente habilitadas para o efecto, tales como escolas, centros municipais, multiúsos, polideportivos, ludotecas, entre outros, cumprindo coas garantías sanitarias, así como coa normativa que lle sexa de aplicación.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na convocatoria.

Terceiro.- Acreditar a capacidade administrativa, financeira e operativa do Concello para cumprir as condicións da axuda.

Cuarto.- Financiar o custo das actuacións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización.

Quinto.- Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente á educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez.

Sexto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

3.- ALTA DE ASOCIACIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

De conformidade co previsto no artigo 4 do Regulamento do Rexistro municipal de asociacións e entidades sen ánimo de lucro do Concello de Rodeiro, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 26 de abril de 2005 e publicado no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de

agosto de 2005, e vista a solicitude de inscrición presentada pola asociación que deseguido se sinala (RE-E núm. 410 e 414, do 22/08/22 e 23/08/22), quen acredita cumprir cos requisitos esixidos e achega a documentación requirida no devandito Regulamento, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

APROBAR a alta e inscrición no Rexistro municipal de asociacións e entidades se ánimo de lucro do Concello da asociación seguinte:

INSCRICIÓN NÚM. 33

- DENOMINACIÓN: ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS
- CIF: ██████████
- DOMICILIO: Avda. Lalín-Monforte núm. 10 – Baixo.- Lugar de Rodeiro.- Parroquia de Rodeiro
- NÚM. INSCRICIÓN REXISTRO PROVINCIAL DE ASOCIACIÓNS: ██████████
- REPRESENTANTE: Dona Irma López Losada

4.- CAMBIO DE XORNADA ADXUDICADA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2022-2023

Con data 22/06/22 (RE núm. 1047) Dona Alba Lucía Seijoso Borrzas, con DNI núm. ██████████, veciña do lugar do Couto, parroquia do Salto, solicitou a alta no Punto de Atención á Infancia (PAI), curso 2022-2023, do seu fillo Pedro González Seijoso en xornada parcial de mañá e, subsidiariamente, en xornada completa de mañá e tarde. Dita solicitude quedou en lista de agarda en virtude de acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 27 de xullo do corrente, ao non existir prazas vacantes nas quendas solicitadas. Con posterioridade, solicitouse a admisión na xornada parcial de tarde que lle foi concedida por acordo adoptado en sesión de data 03/08/22. En data recente produciuse a renuncia dunha das prazas adxudicadas o que permite a atención da solicitude inicial en canto á quenda de preferencia.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de praza vacante a esta data na quenda solicitada, e de conformidade co informe favorable emitido pola directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares en data 23/08/22, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda autorizar o cambio de

xornada autorizado para o usuario PEDRO GONZÁLEZ SEIJOSO, pasando da xornada parcial de tarde inicialmente adxudicada á xornada parcial de mañá, con efectos do día 1 de setembro de 2022.

5.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Ángeles Pampín Expósito, Dona Isabel Varela Vázquez e Dona Elsa González Gallego, traballadoras laborais do Concello en prazas de auxiliar de axuda no fogar, teñen solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais en diferentes datas dos meses de agosto e setembro de 2022. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urgente duns/dunhas novos/as traballadores/as que presten os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2022, establecida no artigo 20.Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urgente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urgencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, das seguintes traballadoras:

- ✓ MÓNICA FERNÁNDEZ BLANCO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 24 e 31 de agosto de 2022, ambos inclusive, en substitución de M^a Ángeles Pampín Expósito.
- ✓ EVA LOSADA BARREIRO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 24 de agosto e 23 de setembro de 2022, ambos inclusive, en substitución de Isabel Varela Vázquez.
- ✓ LOURDES NOEMÍ COLLANTE ZELADA, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 26 de agosto e 16 de setembro de 2022, ambos inclusive, en substitución de Elsa González Gallego.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- XXVIII EDICIÓN DA XUNTANZA DA TERCEIRA IDADE

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros asistentes da conveniencia de proceder, logo da paréntese motivada pola pandemia da COVID-19, á celebración dunha nova edición da tradicional Xuntanza da Terceira Idade, e propón para a súa celebración o vindeiro venres día 30 de setembro.

Mantense o copagamento do xantar, distinguindo entre os destinatarios principais da xuntanza (maiores de 65 anos e beneficiarios de pensións públicas) e os demais interesados en participar, sendo os custes restantes do xantar, así como o da totalidade das actividades complementarias ao mesmo, subvencionados integramente polo Concello.

O Sr. secretario-interventor manifesta que descoñece o gasto previsto para o desenvolvemento da actividade prevista, ao non lle facilitar a Concillería-Delegada promotora o orzamento da mesma, o que impide emitir informe en relación á existencia de consignación orzamentaria axeitada, previa a adopción do acordo de gasto pertinente. Porén, pon de manifesto que os

datos da contabilidade municipal amosan unha evidente limitación na consignación da partida orzamentaria de aplicación do orzamento prorrogado en vigor (231/226), cunha alta porcentaxe de gasto xa comprometido, o que podería derivar nunha eventual nulidade do gasto que se dispoña e a interposición, de ser o caso, de reparos suspensivos ás facturas que se presenten polo citado concepto.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira-delegada de Urbanismo, Economía e Servizos Sociais e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a XXVIII Edición da Xuntanza da Terceira Idade o vindeiro día 30 de setembro de 2022.

Segundo.- Establecer, para o financiamento compartido do custe do xantar, as seguintes cotas:

- Maiores de 65 anos empadroados no Concello: 10,00 €.
- Menores de 65 anos empadroados no Concello que perciban algunha prestación con cargo ao sistema público de pensións (xubilación, invalidez, orfandade, RISGA ou equivalente): 10,00 €.
- Interesados en xeral: 20,00 €.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que dispoña o necesario para a organización e desenvolvemento da Xuntanza programada.

7.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Comisión de festas da parroquia de Río

VISTO o escrito presentado por Don JOSÉ MANUEL CRESPO RODRÍGUEZ, veciño do lugar de Mouriz, parroquia de Río (RE núm. 1368, do 23/08/22), polo que, na representación de Comisión de festas da parroquia de Santa María de Río, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 15 e 16 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €).

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS 99,33 €
Por cota anual de afiliación á federación, s/factura núm. 1241 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 47,25 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de xullo de 2022, s/factura núm. 22FNX0148476 (FACe).
- RODOIL S.L. 114,43 €
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de xullo de 2022, s/factura núm. 2022/22000313(FACe).
- RODOIL S.L. 159,21 €, 5,00 €, 196,83 €, 239,52 €, 608,50 €, 257,04 €, E 310,86 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de xuño de 2022, s/facturas núm. 2022/22000314, 2022/22000315, 2022/22000316, 2022/22000317, 2022/22000318, 2022/22000319 e 2022/22000320 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 569,83 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 001768.
- INDUSTRIA QUÍMICA RÍO BLANCO S.L. 72,72 €
Por subministro de produtos químicos para a piscina municipal, s/factura núm. A112823 (FACe).
- BRINCA & EMUSIN S.L. 200,00 € E 200,00 €
Por realización dos espectáculos “A Bruxa Maruxa non quere ser bruxa” e “Un conto musical”, dentro do programa “Ler conta moito”, s/facturas núm. 380 e 382 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)